

Primeiros pasos cara a parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo

A Consellería do Medio Rural vén de someter a información pública o estudo previo de iniciación da zona de reestruturación parcelaria de Lamas, Loureda, Sergude e Vigo, publicado no DOG do 15 de novembro. Ábrese así un prazo dun mes durante o cal unha copia deste estudo previo estará a disposición do público para a súa consulta no Concello de Boqueixón ou a través da web da Consellería do Medio Rural. Durante eses 30 días, as persoas interesadas poderán realizar as achegas que consideren oportunas, que serán analizadas polo servizo provincial competente e, no seu caso, serán incorporadas á redacción final do estudo.

En todo caso, trátase dun proceso previo ao inicio da parcelaria, polo que aínda non é o momento nin de



A superficie da parcelaria abrangue un total de 1.956,70 hectáreas

presentar os títulos de propiedade nin de facer reclamacións sobre as fincas.

Esta publicación no DOG é froito da solicitude presentada polo Concello de Boqueixón con data de 28 de novembro de 2018 na que instaba á Xunta a iniciar o proceso de avaliación para o posterior desenvol-

vemento dunha nova parcelaria de carácter público nas parroquias de Sergude, Lamas, Vigo e Loureda. O perímetro da zona de reestruturación abrangue unha superficie de 1.956,70 hectáreas, cun total de 8.101 parcelas. Beneficiaría directamente a un total de 1.224 persoas propietarias.

O uso do solo forestal é maioritario na zona da parcelaria, pois a superficie ocupada por terreos forestais, pastos arbustivos e terras arables ascende ao 97,82%. Así, a futura redistribución de cultivos permitirá un mellor aproveitamento dos predios de substitución, pensando máis na mellora dos accesos e na forma dos predios que nun cambio do propio cultivo. Ademais, con esta reestruturación aproveitaranse os abandonos e matogueiras, que poden integrarse na superficie agraria útil das explotacións. Isto repercutirá positivamente nos seus propietarios, que poderán aumentar a carga gandeira e o nivel competitivo das súas explotacións. Na actualidade existen na zona 120 explotacións en activo, na súa maioría de vacún, équidos e porcos.

O Concello adxudica obras de mellora en tres parques infantís por máis de 142.000 euros

O Concello de Boqueixón vén de adxudicar obras de mellora en tres parques infantís do municipio por máis de 142.000 euros. O primeiro dos proxectos foi adxudicado á empresa Bricantel España SL por 54.295,06

euros e permitirá cambiar o pavimento e os xogos dos parques infantís emprazados nas escolas unitarias de Lestedo e Camporrapado. Despois de cubrir ambas as dúas instalacións, agora o Concello cambiará os xogos

e instalará un pavimento de caucho continuo, así como pavimento absorbedor de impactos a carón dos xogos.

O segundo proxecto, adxudicado por 87.920,48 euros a Manti-do SL inclúe a ampliación

e mellora do parque infantil emprazado no campo da feira de Lestedo. O obxectivo é dividilo en tres zonas: unha superior para os usuarios da escola infantil, outra destinada á tirolíña e unha terceira para xogos diversos.

A Xunta reactiva as comunicacións para levar a cabo queimas agrícolas

O Concello de Boqueixón informa de que a Xunta vén de reactivar as notificacións para levar a cabo queimas agrícolas por parte de particulares tanto dende a web habilitada (<https://queimasweb.xunta.gal/queimasweb/>) como a través do teléfono 012.

A maiores, tamén se retoman as solicitudes de autorización para efectuar queimas de restos forestais amoados. Neste caso, como vén sendo habitual, cómpre contar con autorización administrativa dado o maior risco da actuación.

A comunicación debe rá efectuarse cando menos con dous días de antelación.

O Concello asumiu unha suba salarial para as persoas traballadoras do SAF

As persoas traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de Boqueixón asistiron á sesión plenaria de novembro. O alcalde convidou á súa voceira a explicarlle ao Pleno as reivindicacións que motivaron a folga no sector. Un paro convocado pola CIG diante do preacordo acadado entre CCOO, UXT e patronal para o novo convenio laboral. Folga que se estendeu entre o 2 e o 29 de novembro, data na que os sindicatos anunciaron que non asinarían o convenio

As traballadoras explicaron que piden un incremento de soldo, o aumento dos cobros por quilometraxe (de 0,18 a 0,25 €), un maior número de horas de traballo, 8 días de asuntos propios, mellores condicións laborais a través de axudas técnicas e unha mellor organización e coordinación por parte da empresa concesionaria



O alcalde conversa coa representante das traballadoras do SAF en Boqueixón

do servizo, de forma que se concentren por proximidade e non lles obriguen a percorrer grandes distancias en pouco tempo.

Manuel Fernández Munín explicou que fronte ao 1% de suba que se contempla na negociación sindical, “o Concello de Boqueixón asumiu a suba salarial das traballadoras. Un incremento do 6,5%, polo que dende maio estamos pagando máis do

que estaba recollido no contrato coa empresa”. Así mesmo, compartiu a necesidade dunha mellor organización do traballo, se ben lembrou que iso é algo que teñen que acordar as traballadoras coa empresa, ao tempo que as instou a trasladar as necesidades que vexan no servizo. “Se non temos ningunha petición de máis axudas técnicas, entendemos que son suficientes”, apuntou.

Comeza a itinerancia polas parroquias do punto limpo móbil

O Concello de Boqueixón informa do inicio da itinerancia polas parroquias do novo punto limpo móbil, que estará no campo da festa de San Bieito (**Sergude**) ata o vindeiro 11 de decembro. Dende aló trasladarase ao campo da festa de **Lamas**, onde estará do 12 ao 18 de decembro.

Posteriormente, o campo da festa de **Vigo** albergará esta instalación do 19 ao 25 de decembro; mentres que o campo da



festa de **Loureda** terao do 26 de decembro ata o 1 de xaneiro, momento

no que se desprazará ao campo da festa de **Gas-trar**.

Lembra que podes depositar nel residuos domésticos como: papel/cartón, envases de vidro, pequenos electrodomésticos, aceites domésticos usados (en botella), envases de plástico/latas e briks, lámpadas/fluorescentes, pilas/baterías e roupa/calzado. A maiores, o punto limpo do polígono industrial de Sergude, segue dispoñible os mércores (16:00 a 20:00 h), e os sábados, (10:00 a 14:00 hs e de 16:00 a 20:00 h).

Últimos días para votar polo Carballo de Gregorio como Árbore do Ano

O 10 de decembro. Esa é a data ata a que permanecerá aberta a votación do concurso Árbore de España 2023 na web www.arbo-lybosquedelaño.es, no que participa o noso Carballo de Gregorio (Rodiño Grande, Sergude). Ata o momento, as cousas non van nada ben para o noso representado, superado por outras propostas como o Carballo de Cornellana (Asturias), o Castiñeiro do Tío Trazas Los Santos (Salamanca), o Olmo de Montaña de El Rasillo (La Rioja), o Moral de Villoviado (Burgos), o Carballo de Santa Margarita (Pontevedra), o Piñeiro Gordo de Vilafor de Chasna (Santa Cruz de Tenerife), a Aciñeira do Monte de la Redonda (Cantabria) ou o Platanero Biar Biar (Valencia).



Preto de medio milleiro de persoas apoiaron xa ao Carballo de Gregorio

Para votar polo Carballo de Gregorio é preciso:

- entrar no apartado "Votar", marcar a opción do Carballo de Gregorio e elixir un dos bosques aspirantes
- acepta as bases do concurso e introduce o teu correo electrónico. Pulsa

VOTAR e recibirás un mail coa lenda: "Concurso Árbol y Bosque del Año". Ábreo e pulsa en "Haz click aquí para confirmar tu voto".

Só se admite 1 voto por cada e-mail e 5 persoas con e-mails diferentes dende o mesmo dispositivo.

"Paisaxes de Boqueixón" bate récords de participación

O VIII Concurso de Fotografía "Paisaxes de Boqueixón" bateu récords de participación con preto dun cento de imaxes presentadas ao certame. E iso a pesar de que varias imaxes quedaron fora de concurso por non aterse ás bases do mesmo, ben por presentárense en formato vertical, ben por non cumprir cos requisitos recollidos nas bases.

A imaxes pódense ver na web municipal "www.boqueixon.gal" e a decisión do xurado farase público na primeira quincena do mes de decembro.



O Camiño Miñoto-Ribeiro promove a gastronomía de Boqueixón

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, asistiu á inauguración do Salón Internacional de Turismo Gastronómico "Xantar", que este ano centrouse na gastronomía dos Camiños de Santiago. Unha edición na que a gastronomía de Boqueixón estivo presente dentro do stand da asociación de concellos do Camiño Miñorto-Ribeiro, que mesmo protagonizou un dos restaurantes dispoñibles para os milleiros de persoas que visitan cada ano este salón.



Vantaxes dun concello emprendedor: máis axudas da Xunta de Galicia

A secretaria xeral de Industria, Paula Uría, visitou o parque empresarial Camporrapado, onde se acometeron obras de mellora por 150.000 €, dos que a Xunta achegou o 80%. De feito, a Xunta investiu 2 millóns de euros en 19 axudas a concellos emprendedores como Boqueixón na provincia. E de cara ao 2023 as axudas ascenden a 6,1 millóns e se destinarán a plantas de depuración de augas, xestión de residuos, sistemas contraincendios... nas que municipios coma Boqueixón parten cun 11% máis de puntuación por ser concello emprendedor.

Ciclo de Teatro
ESCENA PEQUENA
 DOMINGOS | DECEMBRO | 12:00 H
 CASA DA CULTURA DE CAMPORRAPADO
 DE BALDE / PÚBLICO INFANTIL E FAMILIAR

4 dec
PETISCOS DE LINGUA
 Migallas Teatro

11 dec
AS PITAS BAIXO A CHOIVA
 Teatro Ghazafellos

18 dec
WOMBO COMBO
 Galeatro



Teatro familiar para as mañás dos domingos

Os domingos de decembro en Boqueixón, coa excepción do día de Nadal, están reservados ao teatro infantil e familiar. Un ano máis, o ciclo “Escena Pequena” porá sobre o escenario da Casa da Cultura de Camporrapado tres divertidos espectáculos para desfrutar en familia. Nos tres casos, a cita será ás 12:00 horas e a participación é de balde.

Abrirá a temporada o domingo 4 de decembro a compañía Migallas Teatro con “Petiscos de lingua”, un espectáculo de narración oral que busca dar a coñecer ditos tradicionais da literatura popular infantil de Galicia a través de xogos verbais de participación, cancións, contos, monicreques e outros recursos que

divertirán aos nenos e nenas de Boqueixón.

Unha semana despois, o 11 de decembro, Teatro Ghazafellos porá en escena “As pitas baixo a choiva”, unha divertida adaptación dun conto de Ricardo Carvalho Calero. “Wombo Combo”, de Galeatro, pechará a programación do “Escena Pequena”. Unha obra que fará un achegamento ao acoso escolar e como a mocidade escapa desa realidade adversa a un mundo de realidade virtual máis atractivo, pero non real.

O ciclo de teatro Escena Pequena está organizado polo Departamento de Cultura do Concello de Boqueixón, en colaboración co programa FalaRedes e a Deputación da Coruña.

Os maiores do Programa de Prevención da Dependencia súmanse ao 25N

O grupo de participantes do programa Prevención da Dependencia quixo sumarse á celebración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero realizando a súa achega contra esta lacra social.

Unha actividade encadrada dentro do programa de actividades do CIM de Boqueixón e que consistiu nunha choiva de ideas sobre como reducir ou eliminar a violencia de xénero, que quedou plasmada nun mural, así como na elaboración duns xabóns simbolizados nun lazo morado e a lenda: “móllate contra a violencia de xénero”.



Os maiores do Programa de Prevención da Dependencia fixeron un mural e xabóns contra a violencia de xénero

Participativa IV Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller

A IV Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller non foi quizais a máis concorrida da súa historia, pero si a máis participativa. As máis de corenta persoas que se deron cita na Casa da Cultura de Camporrado debateron intensamente sobre os dous temas propostos, apoio á muller en contextos de prostitución e o xornalismo como ferramenta pola igualdade. Tal foi o interese que espertaron ambos temas, que a xornada prolongouse unha hora máis do inicialmente previsto.

Unha xornada organizada polo CIM de Boqueixón, en colaboración co Ministerio de Igualdade e o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O alcalde Manuel Fernández Munín deu a benvida ás persoas asistentes lembrando que “todos e todas somos necesarios para erradicar a violencia de xénero da nosa sociedade”, facendo fincapé en que “temos que implicarnos e temos que trasladarles ás vítimas que non están soas”.

Acto seguido, a directora do CIM, Cristina Carbajales, deu paso a Tatiana Conde, profesional do Programa Valagume de apoio integral a mulleres en contextos de prostitución ou vítimas de trata con fins de explotación sexual. Conde explicou que “a desigualdade de xénero, a feminización da pobreza e os fluxos migratorios son factores interrelacionados e determinantes na prostitución, na explotación sexual e na trata de persoas con fins de explotacións sexual”. Un dos puntos máis debatidos foi a permisividade cara a prostitución, “cando os clubs onde se exerce están



Foto de familia da IV Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller organizado polo CIM de Boqueixón



Tatiana Conde, do Programa Vagalume, falou do apoio á muller en contextos de prostitución



A xornalista boqueixonesa Eliana Martíns disertou sobre o xornalismo como ferramenta pola igualdade

á vista de todos”. Neste sentido, Tatiana Conde indicou que “a prostitución é alegal, salvo temas de trata”, polo que nin sequera hai informes ou estudos fiables sobre a mesma. Iso si, denunciou tamén un aumento da prostitución en pisos fronte a certa baixada nos clubs, o que aínda dificulta máis o traballo de Vagalume.

Xornalismo e igualdade

Posteriormente, Yolanda Neira, psicóloga do CIM, presentou a Eliana Martíns, xornalista especializada en igualdade e perspectiva de xénero na comunicación,

quen abordou a ponencia “O xornalismo, aliado para a igualdade”. Martíns comezou falando do papel da muller “como elementos decorativos nos medios de comunicación” e do feito de que un 70% dos postos directivos en medios de comunicación estean en mans de homes. Nunha intervención moi interactiva, esta veciña de Boqueixón fixo fincapé na necesidade de “instaurar o tratamento especializado da violencia de xénero nos contidos dos medios”.

Por outra banda, o 25N tiveron lugar as xa tradicionais concentracións tanto

no CPI Antonio Orza Couto, na que participaron a concelleira de Servizos Sociais e Igualdade e a directora do CIM, que deu lectura ao manifesto; como no Concello, onde o alcalde deu lectura ao manifesto institucional.

Despois repartiuse entre a poboación numerosos lazos malva conmemorativos do 25N, que foron elaborados na súa maioría nun taller artesanal realizado pola rapazada que do “Tardes Educativas e de Lecer”. Este taller foi organizado polo CIM ao abeiro da iniciativa “No camiño da Igualdade: móllate contra a violencia de Xénero”.



Concentración e lectura do manifesto institucional do 25N diante da Casa do Concello



Obradoiro de xabóns da rapazada de Tardes educativas e de Lecer, que serviron de agasallo do 25 de novembro

O Nadal retoma a normalidade: Papá Noel, Reis Magos, Boqueixogo...

A normalidade volve á Programación de Nadal do Concello de Boqueixón. Despois de dous anos de restricións e actividades a distancia pola pandemia, estas tradicionais festas volven abrirse a toda a veciñanza.

Así, Papá Noel deixarase este ano de videoconferencias e dará o pistoletazo de saída ao Nadal visitando á rapazada das escolas unitarias de Lestedo, Sergude e Camporrapado o mércores 21 de decembro. Un día despois, o xoves 22 de Nadal, completará o seu percorrido visitando aos nenos e nenas da escola infantil municipal Raíña Lupa e do CPI Antonio Orza Couto, así como a residencia de maiores.

Reis Magos

A súa "competencia", as Súas Maxestades os Reis Magos de Oriente chegarán á Casa da Cultura



A recepción dos Reis Magos incluírá un sorteo de agasallos entre a cativada

de Boqueixón na tarde do xoves 5 de xaneiro. En vista do éxito de pasadas edicións, este ano tamén haberá un espectáculo infantil previo á recepción de Melchor, Gaspar e Baltasar. Unha actuación que correrá a cargo de Educat teatro, que porá en escena un conto clásico como "Carapuchiña Vermella" ás 17:00 horas.

Ás 18:30 horas dará comezo a tradicional recepción dos Reis Magos a todos os nenos e nenas asistentes. Así mesmo, toda a cativada presente participará nun sorteo de agasallos que se desenvolverá en colaboración con SBC Gasolineras.

Iso si, para asistir tanto á representación como á recepción de Reis será

preciso anotarse en www.boqueixon.gal a partir do 12 de decembro. Poderán apuntarse por cada familia ata 4 nenos e nenas, de ata 10 anos de idade, así como dúas persoas adultas. As prazas outorgaranse por orde de inscrición, tendo en todo caso preferencia os nenos e nenas empadroados en Boqueixón así como aqueles que estean matriculados nalgún centro de ensino do municipio.

Boqueixogo

Finalmente, o *Boqueixogo* chegará ao pavillón polideportivo do Forte o venres 6 de xaneiro, de 17:30 a 20:30 horas. Despois da súa anulación pola Covid o pasado ano, o polideportivo encherase de inchables e obradoiros para os nenos e nenas de Boqueixón. Unha actividade aberta á participación de toda a cativada, sen necesidade de inscrición previa.

As inscricións no programa de conciliación Nadal Activo abriranse o 5 de decembro

O Concello de Boqueixón convoca unha nova edición do Nadal Activo, un programa lúdico-educativo que facilita a conciliación laboral e familiar nestas vacacións de Nadal. As actividades desenvolveranse nas instalacións municipais do Forte e no CPIP Antonio Orza Couto. O Concello oferta un máximo de 20 prazas.

Datas: 23, 26, 27, 28, 29 e 30 de decembro e 2, 3, 4 e 5 de xaneiro

Horario: entrada, de 9:00 a 10:00 horas; e saída, de 13:30 a 14:00 horas.

Dirixido a: alumnado do segundo ciclo de infantil e primaria do Concello de Boqueixón e alumnado matriculado/a nun centro educativo de Boqueixón.

Inscricións: a partir do

luns 5 de decembro, enviando o formulario de solicitude cumprimentado e demais documentación por unha das seguintes vías: Telemática, a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón (preferente), ou presencial, no Rexistro Municipal. Existirá a posibilidade de inscrición por días soltos.

Documentación a

achegar xunto á ficha de inscrición:

1. Declaración da renda do 2021 ou xustificante de non ter que presentala.

2. Documento acreditativo de familia numerosa (de ser o caso).

Máis información no teléfono: 981 513 115 e nas bases publicadas a partir do 5 de decembro en www.boqueixon.gal.

Anacos do noso

Juan Moscoso e José Joaquín Illobre, primeiros alcaldes de Boqueixón

Comezamos neste mes de decembro un percorrido polas figuras das distintas persoas que levaron nalgún momento o bastón de mando en Boqueixón nos últimos 183 anos. Pois esa data, máis concretamente o 4 de xullo de 1839, é a primeira referencia documentada da existencia dun alcalde no noso municipio. O seu nome, Juan Moscoso Salazar.

Juan Moscoso Salazar

O certo é que pouco coñecemos da súa figura, nin sequera dispoñemos dunha imaxe ou retrato del no salón de plenos da casa consistorial. De feito, temos noticia de que estivo á fronte da cor-

poración municipal grazas a un anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ese 4 de xullo de 1839. Nel, anunciábase unha vacante no posto de secretario do Concello e o escrito estaba asinado por Juan Moscoso Salazar como presidente da corporación. Como detalle dicir que nesa convocatoria resultou elixido secretario Fernando José García.

Porque de Juan Moscoso pouco máis se sabe, salvo que era de ascendencia nobre e que era natural do lugar de Engas (Codeso), onde naceu no 1776 e onde residiu toda a súa vida. Tendo en conta os tempos que eran e a



súa orixe nobre, é máis que posible que fose unha das persoas máis adiñeiradas no municipio.

Morreu en Codeso o 19 de decembro de 1841, aos 65 anos de idade, constándonos que estivo cando menos un ano á fronte do consistorio de Boqueixón, onde foi substituído polo noso segundo protagonista: José Joaquín Illobre dos Santos.

José Joaquín Illobre

Áo igual co seu predecesor, carecemos de imaxe ou retrato da súa figura e non dispoñemos de moita información sobre el. Natural de Noelle (Sergude) sabemos del que naceu o 2 de agosto

de 1784 e que foi alcalde de Boqueixón durante o ano 1840, durante a fase de formación do concello.

Naquela época, a corporación municipal estaba integrada por dous representantes de cada unha das parroquias: pedáneo e tenente. Estas dúas persoas eran elixidas entre os maiores contribuíntes. Se había anexos á parroquia, ao pedáneo correspondíalle a parroquia principal mentres que o anexo quedaba para o tenente. Daquela, a Presidencia da corporación municipal era de carácter rotatorio e anual, polo que a José Joaquín Illobre dos Santos correspondeulle a do 1840.



Gran éxito de participación no ciclo de teatro amator BocAberta

O ciclo de teatro amator BocAberta congregou a máis de catrocentos veciños e veciñas de Boqueixón durante as tardes dos domingos do pasado mes de novembro. As comedias presentadas pola asociación cultural Charamela de Melide, o grupo Licor Café de Cabanas e a agrupación teatral Pedroso (Narón) case que cubriron todo o aforo dispoñible. Un mérito que si acadou unha vez máis o Club de Maiores de Boqueixón que, a pesar de que se trataba dun segundo pase, fixo que a súa obra “Un morto moi vivo” volviera colgar o cartel de “Non hai billetes” de novo.



Éxito do programa de voluntariado xuvenil “Val do Ulla 2022”

O salón de plenos acolleu a reunión de avaliación final do programa de voluntariado xuvenil “Val do Ulla 2022”, no que participaron 20 mozos e mozas, de entre 16 e 25 anos, de Boqueixón e Vedra. Ao acto asistiron o alcalde, Manuel Fernández; a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel; e a concelleira de Cultura, Xuventude e Voluntariado de Vedra, Diana Varela. Cristina Pichel lembrou que o proxecto está apoiado pola Xunta no marco das axudas de voluntariado para fomentar un ocio responsable e unha aprendizaxe non formal entre a mocidade.

O libro “Ocho señales” busca axudar ás vítimas da violencia de xénero

Cheo total na Casa da Cultura de Camporrapado para acoller a presentación do libro “Ocho señales. Cuestión de vida o muerte”, escrito por Noelia Míguez, veciña de Boqueixón e vítima da violencia machista, e a xornalista Patricia Calveiro. Un libro onde narra a súa historia e a brutal agresión que sufriu o 20 de xuño de 2015 en Boqueixón cando o seu noivo a atacou brutalmente cando durmía, primeiro tentándoa esganar e despois asestándolle ata oito puñaladas cunhas tesoiras. “Terei estrés post-traumático toda a miña

vida”, asegurou. De feito, “Ocho señales” pretende ser un testemuño que serva de axuda a mulleres que se poidan atopar nunha situación similar á de Noelia, polo que tamén puido ser adquirido durante a IV Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller celebrada no mesmo auditorio unha semana despois.

Á presentación asistiron o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín; a secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella; e o deputado autonómico Ovidio Rodeiro, entre outras autoridades.



AXENDA DO MES DE DECEMBRO

Escena Pequena

Ciclo de Teatro Infantil

Casa da Cultura de Camporrapado.
12:00 horas. Entrada libre e de balde.
Colaboran: FalaRedes e Deputación da Coruña.

Domingo 4 *Petiscos de lingua*
de Migallas Teatro

Domingo 11 *As pitas baixo a choiva*
de Teatro Ghazafellos

Domingo 18 *Wombo Combo*
de Galeatro

Luns 5 **Inscripcións Nadal Activo**
Apertura do prazo de anotación.
Máis información: boqueixon.gal.

Sábado 10 **Árbore do Ano**
Fin do prazo para votar polo
Carballo de Gregorio.

Luns 12

Renovación do DNI

Casa do Concello. Dende 9:00 h.
Previa cita no 981 513 061.

Luns 12

Inscripcións Reis Magos

Apertura do prazo de anotación
a través da páxina web
www.boqueixon.gal.

Xoves 15

Educación en familia: estudar con sentido, pautas para promover hábitos de estudo

CPI Antonio Orza Couto.
Ás 18:30 horas.
Colabora: ANPA O Forte e
Xunta de Galicia.
Inscripcións no Dpto de Cultura

Mércores 21

Visita de Papá Noel

Escolas unitarias de Lestedo,
Sergude e Camporrapado.

Xoves 22

Visita de Papá Noel

EIM Raiña Lupa, CPI Antonio Orza
Couto e residencia de maiores.

... e en xaneiro

Xoves 5

Recepción Reis Magos

Casa Cultura Camporrapado
Ás 17:00 horas.
Educateatro pon en escena a
obra “Carapuchiña Vermella”.
Ás 18:30 horas.
Recepción das Súas
Maxestades os Reis Magos.
Reservas na web www.boqueixon.gal ata esgotar aforo.
Sorteo de agasallos entre
as persoas asistentes, en
colaboración con SBC
Gasolinerías.

Venres 6

Boqueixogo

Pavillón do Forte
De 17:30 a 20:30 h.
Inchables, obradoiros... Entrada
libre e de balde.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 | CIM: 981 513 106 | Cultura: 981 513 115 | Dto. Local e Turismo: 981 513 061
concello@boqueixon.com | cim@boqueixon.com | cultura@boqueixon.com | boqueixonturismo@gmail.com